

PLAN DE ACOLLIDA

2021-2022

C.R.A. DE DODRO



O Plan de Acollida do C.R.A. de Dodro está elaborado en base ás Instrucións do 17 de xuño e do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para o curso 2021-22, e á versión do 6 de xullo de 2021 do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o presente curso.

NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

O Plan de Adaptación á situación da COVID-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

Horario de entrada do alumnado ao centro	9:30 h. Insístese na puntualidade no horario de entrada ao centro polos protocolos de acceso e hixiene que se deben levar a cabo.
Horario de saída do alumnado do centro	14:30 h. Insístese na puntualidade no horario de saída ao centro polos protocolos de acceso e hixiene que se deben levar a cabo.
Hora da merenda	11:30 h. a 12:00 h. Na medida en que as condicións meteorolóxicas o permitan, realizárase no exterior. Respetarase a proposta de merendas semanais do centro.
Hora do recreo	12:00 h. a 12:30 h.
Espazo de recreo	O patio de cada escola.
Gardas do profesorado	En todas as escolas haberá con carácter preferente 2 mestres durante as entradas e as saídas, así como ao longo da xornada escolar.
Acompañamento do alumno na entrada e saída do centro	Só un acompañante por alumno. O acompañante deberá cumprir coas medidas establecidas no Plan de Adaptación á COVID-19: <ul style="list-style-type: none"> - Acudir sempre con máscara. - Respetar os circuitos establecidos para a entrega e recollida do alumnado. Non se permite o acceso do acompañante ao edificio da escola.



<p>Grupos de convivencia estable</p>	<p>As aulas confórmanse como Grupos de Convivencia Estable (G.C.E.)</p> <p>Dentro de cada AULA/GCE, traballarase mediante subgrupos colaborativos dun máximo de 4 ou 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos).</p> <p>Estes subgrupos manterán entre eles unha distancia de 1,5 metros.</p> <p>O uso da máscara no alumnado de infantil é recomendable, e empregarase, sempre que sexa posible, cando non se poidan garantir as medidas de seguridade (distancia de 1,5 metros, ventilación axeitada,...).</p> <p>Nas aulas unitarias do C.R.A., cun número de 5 e 10 alumnos/as poderá establecerse un único grupo colaborativo que coincidirá co grupo de convivencia estable.</p> <p>Sempre que a climatoloxía o permita, realizaranse sesións de traballo ao aire libre.</p>
<p>Titorías</p>	<p>Preferentemente telemáticas, aínda que se permiten as presenciais cando se garantan as normas de seguridade reflectidas no Plan de Adaptación á COVID-19:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cita previa - Máscara - Distancia de seguridade - Hixiene de mans - Na escola á que corresponda o alumno. - Dentro do horario establecido (martes de 16:00 h. a 17:00 h.)
<p>Biblioteca</p>	<p>As bibliotecas de aula seguirán funcionando seguindo os aspectos recollidos no Plan de adaptación á COVID-19.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O préstamo de libros farase en cada escola. Cada alumno levará un libro o venres, e entregarao como moi tarde, o mércores de cada semana. - O material obxecto de préstamo permanecerá en corentena desde o mércores ata o venres, momento no que poderá ser empregado de novo. - O incumprimento dos prazos establecidos poderá interromper o dereito ao préstamo semanal.
<p>Uso de aseos</p>	<p>Restrínxese o aforo a unha persoa.</p> <p>A limpeza dos aseos realizarase dúas veces ao día.</p>



<p>Circulación das familias na recollida do alumnado</p>	<p>So se permite o acceso ás escolas ao alumnado e ao profesorado.</p> <p>Circulación das familias na entrada e saída do alumnado:</p> <p>Escola de Bexo: As familias achegaranse á porta da escola e colocaranse respectando a distancia de seguridade na beirarrúa que está diante da escola, unha vez entregado o alumno, continuará camiñando pola beirarrúa sen cambiar o sentido establecido.</p> <p>Escola de Laíño: As familias achegaranse ata a porta principal da escola polas escaleiras frontais respectando a distancia de seguridade, unha vez entregado o alumno, tomarán a saída pola rampla lateral.</p> <p>Escola de Lestrobe: As familias achegaranse ata a porta principal da escola polas escaleiras frontais respectando a distancia de seguridade, unha vez entregado o alumno, tomarán a saída pola rampla lateral.</p> <p>Escola de Vigo: As familias accederán ata a porta principal dende a reixa mantendo a distancia de seguridade, unha vez entregado o alumno, sairán pola porta lateral do patio.</p>
<p>Celebracións e conmemoracións</p>	<p>Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferentes escolas.</p> <p>As celebracións e conmemoracións levaranse a cabo en cada unha das escolas sen público.</p>

Para o desenvolvemento do Plan de Adaptación á COVID-19 e das medidas adoptadas polo centro, o profesorado reunirse coas familias antes do inicio da actividade lectiva, dando a coñecer os diferentes plans e protocolos de actuación, e atendendo a aquelas dúbidas que podan xurdir.



Estas reunións preferentemente terán lugar no exterior das escolas, baixo as seguintes normas de seguridade:

- 1 asistente en representación de cada alumno.
- Distancia de seguridade de 1,5 m.
- Uso obrigatorio da máscara.
- Hixiene de mans na entrada e na saída do recinto escolar.

En caso de climatloxía adversa, as reunións poderán desenvolverse no interior das escolas coas mesmas normas de seguridade, e garantindo en todo momento unha ventilación axeitada, así como a limpeza e desinfección dos espazos empregados, por parte do persoal de limpeza que presta servizos no centro.

O Claustro poderá decidir sobre a conveniencia de realizar reunións en agrupamentos reducidos no interior, atendendo ao número de alumnos/as por escola.

A seguinte táboa recolle as datas e horas nas que se van celebrar as diferentes reunións en cada unha das escolas:

ESCOLAS	DÍA	HORA
Bexo	07/09/2021	10:00 h.
Laíño	07/09/2021	10:00 h.
Lestrobe	07/09/2021	11:00 h.
Vigo	07/09/2021	11:00 h.

ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

Nomeamento do Equipo COVID do centro, formado por 3 membros: Directora, e dous membros do Claustro, preferentemente 1 mestre/a titor/a e 1 mestre/a especialista. Salvo causa xustificada, continuarán aqueles que, estando no centro, formarán parte do equipo no curso anterior.

PREVENCIÓN

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:



⇒ Evitar aglomeracións:

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Regular o acceso aos aseos.

⇒ Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado e os grupos atendendo ao número de alumnos/as por escola e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

⇒ Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as á escola si presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

HIXIENE

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

⇒ Hixiene xeral do centro:

- Realizar a desinfección dos aseos de cada escola unha vez ao día polas mañás.
- Continuar coa limpeza das aulas pola tarde.
- Limpeza e desinfección da sede despois da súa utilización.
- Realizar un control da ventilación axeitado e regular das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

⇒ Hixiene persoal:

- Facer mínimo, 5 limpeza (desinfección das mans), para o que haberá xabón líquido nos aseos e panos desbotables a disposición do alumnado.
- Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.



⇒ Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.

⇒ Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns.
- Xabón: nos aseos.
- Panos desbotables: en todas as aulas, aseos e espazos comúns.
- Solución desinfectante: nas aulas.

PROTECCIÓN

⇒ Uso de máscara:

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
- Uso recomendable para todo o alumnado nas entradas e saídas.
- Uso recomendable para todo o alumnado durante a xornada cando no se poida garantir a distancia de seguridade.
- Uso obrigatorio para as familias sempre.

⇒ Pantallas:

- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.

⇒ Mamparas:

- Nas aulas nas que se desenvolven as sesións de Audición e Linguaxe.



ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

O equipo docente formárase naquelas actividades que desde a Consellería se estimen necesarias con motivo da COVID-19, así como en aqueles aspectos relacionados coa competencia dixital do profesorado e o Plan Dixital de centro. Neste sentido, desde o curso 2019-20 o noso centro ven participando en diferentes plans de formación relacionados coa Aula Virtual, hoxe en día actualizada. Desde o equipo TIC promocionase e facilítase apoio e orientación ao profesorado.

Neste curso 2021-22, o profesorado do centro continuará a formación nestes aspectos a través da participación nun novo Plan de Formación do Profesorado.

O coordinador do equipo TIC, xunto co resto do equipo será o encargado de realizar o mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica, comunicación coa Unidade de Atención a Centros, co asesor/a ABALAR de zona,...), así como das ferramentas corporativas dixitais: páxina web, blog, Agueiro,...

Tal e como se recolle no Plan de Continxencia, en caso de ter que ir a un escenario de docencia non presencial, a teleformación se desenvolverá como no curso 2019-20, pero empregando ferramentas corporativas, a páxina web do centro, as plataformas AbalarMóbil e AbalarPro, a conta de correo edu.xunta.gal, e a Aula Virtual do centro, se fose aconsellado o seu uso para o alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación AbalarMóbil, desde a que poden recibir mensaxes do centro, boletín de notas, faltas de asistencia, e información xeral.
- Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. O enderezos empregados serán: cra.dodro@edu.xunta.es, e as contas de correo corporativas do profesorado do centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Colexio Rural Agrupado de Dodro

Estrada de Imo, 28

15982 Dodro

T +34 981 802 421

cra.dodro@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/cradedodro/



galicia

- Teléfono do centro: Atención preferente 981802421, e a través dos teléfonos das diferentes escolas.

ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade afectan tamén ao día a día das escolas polo que debemos aprender a relacionarnos con distancia, para isto nas primeiras xornadas lectivas farase fincapé neste aspecto co fin de que os nenos/as vaian adquirindo hábitos. A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberán estar presentes nas primeiras sesións e semanas.

A nivel emocional debemos dar importancia á verbalización das emocións dos nenos/as, sobre todo despois dunha ruptura coa vida escolar tan dura e dilatada no tempo, e dunha incorporación ás aulas con tantos cambios. As asembleas diarias convértense nun recurso imprescindible para estas exposicións. Os nenos/as necesitan ser escoitados, polo tanto, debemos proporcionarlles recursos, ambientes e metodoloxías que estimulen e favorezan a súa expresión, a transmisión de emocións, opinións, incluso, que aporten solucións, deste xeito, podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

O traballo sobre os diferentes aspectos de hixiene, protección e seguridade que debemos transmitir a través de rutinas estables que favorezan a adquisición de hábitos.

A continuación, achégase a este plan o horario e a planificación do período de adaptación para o curso 2021-22, tendo en conta a normativa vixente.



ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN CURSO 2021-22

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
			Día:9 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 3 anos (4º E. Infantil) Horario: 10:30-11:30 (1hora)	Día:10 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 3 anos (4º E. Infantil) Horario: 10:30-11:30 (1hora)
Día:13 FESTIVO LOCAL	Día:14 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 3 anos (4º E. Infantil) Horario: 10:00-11:30 (1 ½ hora)	Día:15 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-13:00 (3 horas)	Día:16 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-13:00 (3 horas)	Día:17 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-13:00 (3 horas)
Día:20 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-14:15 (4 ¼ horas)	Día:21 Asisten: 4 e 5 anos Horario: 9:30-14:30 Asisten: 3 anos: Horario: 10:00-14:15 (4 ¼ horas)	Día:22 Asisten: 3, 4, e 5 anos Horario: 9:30-14:30		

Orde do 19 de maio de 2021 (DOG 04/06/21)